



# O + ENTRE AS NOVIDADES

## MAIO - XUÑO 2008



Normalmente pensamos que o amor é un sentimento interior producido por un obxecto exterior. Pero será esta a única posibilidade?. E se as cousas fosen ao revés?. E se fose o obxecto exterior o que é producido polo amor?. Este é o enfoque que nos ofrece Klaus Joehle: o Amor non como un sentimento pasivo senón como unha enerxía activa que crea cambios no mundo exterior.



No prólogo da obra o autor di: "Los artículos y comentarios de este libro constituyen algo así como un diario, a veces un tanto angustiado, sobre la evolución política de estos últimos cuatro años"... "El tono de estos textos, a veces algo agresivo obedece a la misma razón: la política se ha vuelto muy agresiva por parte de la izquierda y muy sumisa ("bajo perfil") por parte de la derecha, y creo que cuando no se replica con cierta indignación a actos indignantes, se facilita la imposición de éstos".



O seu can estao a volver tolo? É agresivo, nervioso, asustadizo ou demasiado irritable?. César Millán ofrécelle as técnicas prácticas necesarias para entender como ve o mundo o seu can, cales son as súas necesidades para unha vida pacífica, feliz e equilibrada. *O encantador de perros* axudarlle a comprender o que sucede na mente do mellor amigo do home e a desenvolver unha relación plena e positiva con el.




Camille Claudel, Mesalina, George Sand, a emperatriz Sissi e outras mulleres da historia son as "escandalosas" protagonistas do libro de Patrizia Carrano. Dicir "non" por amor, por desobediencia, por sede de coñecemento ou ansia de poder; cada unha destas mulleres fixoo seguindo o seu propio instinto, a súa propia natureza. Nin heroínas, nin mártires: o que teñen en común é o desexo de non ceder a presións externas, o seu espírito indomable e a vontade de imprimir nas súas existencias o selo da autonomía.



Miguel-Anxo Murado ofrece ao lector un percorrido, mapa na man, da historia, a socioloxía a política e a xeografía galegas. Trátase dun percorrido moderadamente heterodoxo, e en moitas ocasións sorprendente, no que, desbotando os tópicos acumulados sobre este país tanto polos seus visitantes como polos propios galegos, lánzase unha mirada fresca a fenómenos coma a emigración, o caciquismo, o suposto conservadurismo da súa sociedade ou incluso os malentendidos acerca do seu clima e a súa paisaxe.



Unha obra dividida en varios contos que aborda a sexualidade feminina. O fío argumental deste libro será conducido por Lucía Etxebarria. Na liña de *Ya no sufro por amor*, atopámonos nesta ocasión cun libro que ofrece un estudio directo e sen enganar do complexo mundo da sexualidade feminina.



Traizóannos as nosas pegadas? Que diferenza hai entre un suicida inevitable e un vocacional?. A través de preguntas coma estas *Vivir adrede* reflexiona sobre a vida. A vida dos que aman e os que matan; dos que cren en Deus ou lle din "adeus"; dos que abrazan e dos que oprimen; do condenado a morte e daqueles cuxa existencia é a condena. E faíno coa profundidade que só poden lograr as palabras máis sinxelas.



Xa están na biblioteca as cinco primeiras películas de Harry Potter. Son as adaptacións ao cine das aventuras do aprendiz de mago e os seus amigos, durante os anos que pasan no "Colegio Hogwarts de Magia y Hechicería".



biblioteca pública  
"Juan Fernández Latorre"  
Concello de Ortigueira



Concello de  
Ortigueira